

Para unha historia do canon literario hispanoamericano:
o “indixenismo feminista” de Clorinda Matto de Turner e
a posteridade*

Susana Reisz

Todo comentario introductorio con vocación erudita fainos saber que o termo grego *canon* (igual que os seus derivados *canonizar* e *canónico*) tivo un rol central no vocabulario dos filólogos alexandrinos e dos Padres da Igrexa, igualmente obsesionados polo afán de seleccionar, ordenar, limpar, autenticar, valorizar e preservar a palabra “verdadeira” do poeta, facedor e dono do texto, ou de Deus, facedor e dono de tódalas cousas.

A resurrección do termo na reflexión teórico-literaria anglosaxona dos últimos anos tén un carácter predominantemente cuestionador, que contradí o espírito mesmo da noción orixinaria e do seu campo asociativo, ó que pertencen *cana* pero tamén *canón*, do mesmo xeito que *tubo*, *vara*, *bastón*, *barrote*, *garrote*, *regra*, *medir*, *endereitar*, *regulamentar*, *corrixir*, *castigar*, *manter a raia*, *regular*, *uniformar*, *consagrar*, *sacralizar*, *santificar*, e tódolos termos emparentados que, dun xeito ou doutro, enfatizan o predominio da lei, a orde, a disciplina (aínda ó prezo da violencia) e a xerarquía.

Dado que nos Estados Unidos a actividade académica tende a regulamentalo todo, incluídos os xestos subversivos, as críticas locais ó canon non carecen de voces canónicas. Entre delas cóntanse, en primeira liña, as dos colaboradores da recente edición da *Introduction to Scholarship* da MLA (The Modern Language Association of America), quen coinciden en expoñer que ditas críticas xorden neste país fai a penas un par de décadas como consecuencia da politización da vida norteamericana e coa sospeita, tamén de recente data, de que os xuízos de valor son proxeción de xuízos sociais e que a constitución do canon literario é resultado dun proceso político (no senso amplo do termo)¹.

(*) Traducido do castelán por Blanca-Ana Roig Rechou.

1. Véxanse, sobre todo, o artigo de Robert Scholes “Canonicity and Textuality” (pp. 138-158) e os ensaios reunidos na sección dedicada a “Estudios Interdisciplinarios y Culturales” (pp. 237-340), en J. Gibaldi (ed.), *Introduction to Scholarship in Modern Languages and Literatures*, New York, 1992, 2ª ed.

Pola miña parte, teño a sospeita de que semellante sospeita é bastante máis antiga en moitos dos círculos intelectuais de Hispanoamérica.

Un dos pensadores máis lúcidos do Perú -e un dos ideólogos marxistas máis flexibles e creativos do continente-, José Carlos Mariátegui, articulouna con bastante claridade e sistematicidade nas primeiras décadas deste século. Sen embargo, e este é un dos puntos nos que desexo incidir máis adiante, a convicción de que todo xuízo valorativo se apoia no sistema axiolóxico e nos intereses dun determinado grupo, non lle permitiu dar un paso máis alá da clase social (ou da comunidade étnica) nin expoñer os problemas de dominación e marxinação no marco amplo de tódalas posibles *minorías* (sexan estas entendidas dende unha perspectiva literalmente numérica ou metafóricamente cualitativa, é dicir, como maiorías “minorizadas” nas súas capacidades de acción).

Os debates ó redor da “corrección política” dos profesores e investigadores universitarios neste país tenden a presentar dramaticamente o panorama das humanidades como un grande campo de batalla no que se enfrontan conservadores con radicais ou, nunha terminoloxía máis afín ó noso tema de discusión, “universalistas” con “relativistas”, divididos estes á súa vez en adaídes de diversas minorías ou “anárquicos totais”.

Posto que só os “relativistas” están convencidos de que nestas cuestións non existe neutralidade nin obxectividade, son eles os únicos que se afanan por “izar as súas bandeiras” (para seguir empregando o vocabulario militar típico destas polémicas) e por tematizar, como parte do seu discurso crítico, a posición social, política, étnica, xenérica e sexual dende a que formulan as súas opinións.

É hora de “izar as miñas propias bandeiras” -recollo a metáfora ben consciente do risco de caer na acusación de “falocentrismo”- pois eu cóntome entre aqueles (ou máis exactamente *aquelas*) que xa non cren na posibilidade de ser neutrais. Querería enfatizar o xa pois algunha vez, especialmente ó comezo da miña carreira como filóloga clásica, homologaba a sabedoría humanística coa obxectividade e daba por sentado que a literatura grega era o indiscutible canon de tódolos cánones de Occidente. Pero, por suposto, o termo *canon* non aparecía nas miñas reflexións como digno de ser tematizado. Fun, pois, “universalista” sen sabelo -como segue ocorrendolles aínda a tantos e tantos outros e outras- e, polo mesmo, sen poder albiscar que ese modo de ubicarme ante os textos da miña cultura e das culturas alleas me levaba a negar -e así a promover e consolidar involuntariamente- a miña propia marxinalidade como hispanoamericana e como muller. Non quero complicar a exposición explicando por que aquí e agora -no momento en que escribo estas palabras comodamente sentada diante da miña “computadora” ou “Ordenador”- non sei por cal variante dialectal (e xenérica) optar -tamén está claro para min que en relación con moitos hispanoamericanos e con moitas mulleres ocupo unha posición hexemónica..., pese ó cal inclínome a falar en nome dunha marxinalidade non oficial, produto dunha informal coalición de identidades.

Adoitase dicir que a auxe dos “Estudios Culturais” -cos que esta parte do mundo procura limpar o seu pasado colonialista e racista- así como as crecentes críticas ó *canon* tradicional da literatura de Occidente representan o máis drástico cuestionamento que recibise ata o de hoxe a Teoría Literaria (entendida como actividade independente da Historia ou da Crítica).

Un antigo amor á Teoría Literaria da Antigüidade (e un máis recente por esa mesma disciplina nos nosos días) lévame a ensaiar aquí a súa reivindicación enfatizando a súa posición epistemolóxica: non é función da teoría cambiar ou demoler o *canon* senón estudar as condicións e as consecuencias sociais (xerais) e estético-políticas (particulares) da formación, preservación, ensanchamento ou subversión do repositorio de normas estéticas consagradas e das obras producidas en consonancia con elas. Se o suxeito da teoría inclúe nesta reflexión os seus propios condicionamentos históricos e socioculturais, manterase a salvo de incorrer na tentación de producir signos e enunciados falsamente universalizantes, similares a aqueles cos que os grupos políticos hexemónicos buscan acalar voces disidentes ou disimular silencios significativos.

Cabe engadir, doutra banda, sempre en defensa da teoría, que non deixa de ser sintomático que os reparos contra dela -ó usar o pronome percibo que en galego, coma en grego, a *teoría* é feminina- xorden nas sociedades superdesenvolvidas pola mesma época na que as sociedades postcoloniais e os grupos marxinais en xeral intentan formar un corpus teórico da súa propia colleita e definir a súa *identidade* -outra noción desacreditada polo pensamento “postmoderno” -nos seus propios termos.

Como “teórica da literatura” -non me queda máis remedio que incorrer en tan solemne autodefinición como un modo rápido de se entender- límítome, en consecuencia, a non perder de vista os meus propios sinais de identidade e a lograr un compromiso entre o xeral e o particular.

Como crítica da literatura hispanoamericana, en cambio, resúltame ineludible “Despregar a miña bandeira” en toda ocasión sempre que estea en xogo a noción de *canon* (cousa que ocorre con moita frecuencia nos medios académicos deste país). Cando asumo este rol, apresúrome a deixar en claro (especialmente se os meus interlocutores pertencen a ditos medios) que non me parece nin moi interesante nin moi progresista cultivar unha sorte de “beneficencia literaria” con “cotas” para a “integración... canónica” de minorías (sexan estas étnicas, culturais, relixiosas, sexuais ou de calquera outro tipo) ou de maiorías tradicionalmente marxinais (como é o caso das culturas colonizadas ou das mulleres... se é que se pasa por alto a precariedade de toda xeralización).

A miña intención neste momento é practicar a operación “lavado de dentes” no exame dos textos do canon hispanoamericano e, sobre todo, na lectura dos textos histórico-literarios e críticos dos que emana o xuízo consagradorio ou condenatorio. Ao formular así o meu proxecto, fago eco a unha comparación de Gayatri Chakravorty Spivak que me resultou especialmente iluminadora. En relación co seu cuestionamento sistemático das metáforas “fállicas” en que sustenta a construción dos roles sexuais, un dos seus entrevistadores preguntoulle: “¿podemos limpar totalmente as metáforas?”- ó que ela respondeu:

Non. É como lavar os dentes. Xa se sabe, nunca quedarán definitivamente limpos. Lavar os dentes, manterse aseado, etc., non é como escribir libros. Un non pode facer esas cousas dunha vez e para sempre. É por iso que hai que ser tan persistente².

2. *The Post-Colonial Critic. Interviews, Strategies, Dialogues* (edited by Sarah Harasym), London, 1990, p. 41.

No que segue quero exemplificar brevemente este programa “sanitario” expoñendo só un par de detalles da miña relectura dunha escritora peruana bastante peculiar: Clorinda Matto de Turner.

Talvez conveña ofrecer un par de datos biográficos para aqueles a quen ese nome - a medio camiño entre a canonización e o esquecemento- non lles evoque nada agás o sexo e -con menos certeza- o estado civil da portadora.

Clorinda naceu no Cuzco, no seo dunha familia da arquiconservadora burguesía provinciana de mediados do século XIX, quedou moi pronto viúva dun médico e comerciante inglés, foi periodista, muller de negocios, escritora coroada nos salóns limeños e autora da primeira novela “indixenista” de Hispanoamérica, *Aves sin nido*, unha obra tan rapidamente aclamada como desdeñada e que foi obxecto dunha “pronta e inusual traducción ó inglés”³. Como cidadá amante do progreso e asociada á vangarda estético-política do seu tempo (o “Círculo Literario” de Manuel González Prada) foi tan apaixonada defensora dos pobos autóctonos do seu país coma inimiga do clero, o que lle valeu ser perseguida e excomulgada polos mesmos poderes que ela desafiou. Dada esta suma de cualidades pouco comúns; non resultará sorprendente que conclúa a súa caracterización engadindo que tamén foi feminista ó seu xeito ou, mellor dito, á maneira ambigua, utópica e frecuentemente contradictoria das poucas latinoamericanas da súa época que se atreveron a reivindicar o modesto dereito a recibir e transmitir coñecementos.

Clorinda non estivo completamente soa nesta arriscada empresa pero tampouco moi acompañada. Ela e Mercedes Cabello de Carbonera ocuparon un espacio extraño e totalmente illado na historia das letras peruanas. Ambas dúas pertenceron ós mesmos círculos intelectuais de Lima, asumiron o positivismo como unha especie de segunda relixión, escribiron as máis importantes novelas realistas, intentaron moralizar, tiveron unha fe ilimitada no poder transformador da educación e foron vítimas da mesma sociedade que quixeron reformar. Non é casual, por certo, que a unha sufrise excomuñón e exilio e que a outra morrese miseravelmente no manicomio de Lima. Antes e despois delas -ata ben entrado o século XX- ningunha muller ousaría a se meter no “cercado alleo” do discurso público... agás para condenar ós seus conxéneres por rebeldes e descridas (como o grupo de damas cuzqueñas que solicitou que a escritora excomulgada xamais volvесе á súa cidade natal)⁴.

O 28 de febreiro do 1877, nos comezos da súa carreira, Clorinda foi agasallada e coroada cunha grilanda de laureiros... primorosamente labrados, nunha das veladas literarias que se celebraban na casa de Juana Manuela Gorriti. O cónsul belga, Joaquín Lemoine, describiu así a aparición da escritora⁵:

A las nueve de la noche se presentó una joven vestida de riguroso luto, acompañada de un caballero inglés que tenía toda la distinción del

3. *Birds Without a Nest. A story of indian life and priestly oppression in Peru*, trad. J. G. Hudson, London, 1904 (cf. Antonio Cornejo Polar, “Aves sin nido: indios “notables” y forasteros”, en *La novela peruana* (Lima 1989), pp. 11-36).

4. Tomo o dato de Efraín Kristal, *Una visión urbana de los Andes. Génesis y desarrollo del indigenismo en el Perú 1848-1930* (Lima, 1991), p. 150.

5. Tomo esta cita do “Prólogo” de Luis Mario Scheneider a *Aves sin nido*, México, 1981, pp. 9-10.

gentleman de la antigua Albión; hirió la atención de todos los concurrentes; todas las miradas se fijaron sobre ella. Era Clorinda Matto de Turner y su esposo.

As entusiastas expresións do Doctor Lemoine -sen dúbida impactado, como os demais asistentes, non só pola escritora senón tamén pola elegancia británica do seu home- non deixan discernir con nitidez quen dos cónxuxes “feriu a atención” de todos: eu inclínome a pensar que unha acción de tal natureza é máis facilmente atribuíble a quen por profesión sabía curar as feridas que podía producir. Tampouco resulta completamente claro se as miradas que se fixaron “sobre ela” eran polo “rigoroso loito” da súa vestimenta ou por algunha outra razón. Sexa como fose, no resto da reseña o cónsul empeñouse en deixar ben sentada a admiración xeral polos méritos *literarios* da xove dama de negro.

Os éxitos de Clorinda durarían máis que o seu distinguido esposo (morto no 1881), pero non o suficiente como para repararlle unha vida comfortable na súa patria nin unha sólida gloria póstuma. Como sinalei dende o comezo, *Aves sin nido* caeu no esquecemento moi pronto, ata tal punto que Mariátegui non a menciona sequera na súa xa célebre reflexión sobre os autores peruanos que consagraron a súa obra á reivindicación do indio⁶. E antes de Mariátegui, cando esporadicamente a tiveron en conta, non foi precisamente para cubrila de eloxios.

Como exemplo da pouca simpatía de que gozaron a obra e a súa autora entre os intelectuais “civilistas” de comezos de século, Efraín Kristal (p. 151) recorda este demoleedor dictame de Ventura García Calderón (sen considerar, alomenos de modo explícito, que certas avaliacións críticas dan máis información sobre os prexuízos de quen as formulan que sobre o obxecto a que se refiren):

El crítico escrupuloso, cuando tiene vocación de explorador, va descubriendo en los anaqueles de la Biblioteca de Lima novelas flojas que una polilla generosa destruye: *El Padre Horán* de Narciso Aréstegui, las publicadas en folletín de los periódicos y las de Clorinda Matto de Tourner (sic), *costurera literaria*, el genio de la vulgaridad, que *remendaba en prosa doméstica*, epistolar, novelas -novelas como las de todas las *institutrices inglesas* -hasta que la muerte cortó el *carrete de hilo* y *detuvo la máquina* (as cursivas son miñas)⁷.

Neste texto -ou máis ben inectiva- a relación de Clorinda con Inglaterra aparece desprazada -dende o vínculo matrimonial e dende a medicina exercida polo home- e transferida ó sexo e á clase social polas que García Calderón parecía ter un verdadeiro horror. Se un afrancesado europeísta coma el tiña que admitir que unha “provinciana” se relacionase con ingleses e escribise novelas, entón non lle quedaba outra saída ó seu desprezo sexista e clasista -e ós seus rancores políticos- que transformala en “institutriz” ou “costureira... remendona” (pois unha modista de alta costura estaría perigosamente preto da súa propia visión do mundo).

6. En *Siete ensayos de interpretación de la realidad peruana*, Lima, 1928.

7. Ventura García Calderón, *Del romanticismo al modernismo* (París 1910), p. 283.

Terían que pasar moitos anos para que unha muller das marxes do mundo hispanoamericano, a portorriqueña Concha Meléndez rescata-se do esquecemento á indixenista cuzqueña e puxese de relevo os méritos da súa labor pioneira nun traballo do 1934, que se volveu xa un clásico na materia⁸. Seguindo os seus pasos, a argentina Aída Cometta Manzoni escribiría no 1960 -noutro libro tan coñecido dende entón coma o de Meléndez⁹- esta curiosa apoloxía:

Con *Aves sin nido* la sierra peruana se hace presente en la literatura de ese país. Sin pudor de ninguna especie, se la desnuda públicamente para exhibirla en toda su realidad. Como médico escrupuloso que examina su paciente con todo el detenimiento que exige el caso, Clorinda Matto de Turner ausculta el cuerpo enfermo de su pueblo y nos va mostrando, una a una, las llagas purulentas que lo afectan (p. 19).

Ao parecer, tampouco unha muller deste século e do Río da Prata -a pesar dos seus antepasados feministas do XIX- podía falar do programa literario de Clorinda sen poñelo á sombra dunha típica figura patriarcal: a do *médico* que, no exercicio da súa superioridade -como suxeito (masculino) dun suposto saber- examina e exhibe o mísero corpo (feminizado) dun(unha) *paciente* que sofre *pacientemente* as manipulacións e a mirada escudriñadora do *facultativo* na esperanza de que o outro lle dea a solución ós seus males. Como se dese por sentado que *Aves sin nido* é impensable sen a influencia “civilizadora de Joseph Turner e os seus pares, idea á que a propia escritora, excitada de máis cos “progresos” europeos da ciencia da súa época, puido colaborar nalgunha medida...

Sen embargo, as figuras femininas en que se proxectou a súa imaxinación novelesca -invariablemente sabias, discretas, doces, nobres e fermosas a despeito das súas diferencias sociais e étnicas -mostran ás claras que, ademais de practicar unha sorte de feminismo terceiromundista *avant la lettre*- que non propugna un individualismo xenérico nin exclúe á muller indíxena da norma emerxente -ela non cría que as mulleres debesen asumir o rol social “masculinamente autoasertivo” para ser tomadas en serio na súa loita pola xustiza.

A estudiosa argentina Aída Cometta caeu fai máis de trinta anos na mesma trampa en que quedou apresado un xove e intelixente hispanoamericanista peruano dos nosos días (que, neste aspecto, dista moito de ser un caso illado). Despois de suxerir timidamente que o descreto ou o esquecemento total de Clorinda “é probable que se deba á eliminación sistemática das contribucións das mulleres á cultura peruana realizada polos intelectuais de fins de século, precisa “masculinizar” a Concha Meléndez para darlle peso ó seu xuízo reivindicatorio:

Clorinda Matto reintegróuse á historia literaria peruana despois de que a *crítica puertorriqueña* (sic) Concha Meléndez suliñase nun ensaio influínte a importancia que ela tiña para as letras latinoamericanas (*Kristal*, p. 152).

8. Concha Meléndez, *La novela indianista en Hispanoamérica (1832-1889)*, Río Piedras, 1961, 2ª ed.

9. Aída Cometta Manzoni, *El indio en la novela de América* (Buenos Aires 1960).

¿Ou este “desliz” será obra das súas dúas traidoras-tradutoras ó español?¹⁰ Sexa como fose, o “sarro” patriarcal novamente acumulado nestes dictames de homes e mulleres dos nosos días ratifica que a empresa de limpeza que acabo de exemplificar require a mesma persistencia e a mesma disciplina que o lavado de dentes ou o coidado da roupa.

Clorinda Matto, como hoxe Gayatri Chakravorty Spivak -outra muller de procedencia e vocación terceiro-mundista-, propúxose, entre outras cousas, reinscribir (ou infiltrar) dende un punto de vista feminino as mesmas imaxes e metáforas andro- e etnocéntricas en que basea a construción dos roles xenéricos e do binomio *colonizador-colonizado*.

A súa labor de remodelación só podía ser continxente, condicionada polo seu momento histórico, polo seu contexto social e polos seus propios recursos. Non lle interesaba -nun sentido afectivo pero sobre todo estratéxico- “limpar” a imaxe da muller do seu lado vulnerable e emotivo. Só lle interesaba realizar un labor máis modesto e de resultados ineludiblemente provisorios: remover os xuízos de valor machistas acumulados ó redor de certos estereotipos xenéricos, como a facilidade da muller para as bágoas e outras expresións directas de afectividade.

É así como no seu universo novelesco o pranto nunca será sinal de fraqueza ou covardía senón dunha sensibilidade refinada e solidaria coa dor allea. Valla un exemplo entre moitos: a penas comezada a acción de *Aves sin nido* (no segundo capítulo da “primeira Parte”), a india Marcela chora pola desgracia que se cerne sobre a súa familia diante da inminencia da chegada do implacable recaudador dela pero sobre todo chora por ver sufrir ó seu home, quen non pode, como ela, confiarse nunha alma comprensiva nin aliviar con bágoas a súa rabia e a súa dor. Chora, asimesmo, para pedirlle abeiro a Lucía, a distinguida dama limeña que acaba de chegar ó lugarexo, e esta, a pesar das diferencias culturais e sociais, interpreta empaticamente o seu comportamento, consólaa e asume de inmediato a súa defensa.

“As mulleres achéganse entre si”, escribira Clorinda algúns anos antes, ó lle dedicar á súa amiga e “nai literaria” Juana Manuela Gorriti -muller de letras e de acción e animadora dun prestixioso salón literario en Lima- a biografía doutra ilustre muller de acción, “La Mariscala” Francisca Zubiaga de Gamarra (Cf. Schneider, “Prólogo”, p. 14). Distanciándose nisto do seu admirado mestre e amigo González Prada, quen non cria nunha solidariedade étnica independente do estatuto social, ela precisaba proclamar que as mulleres, brancas ou indias, ricas ou pobres, cultas ou ignorantes, son quen da facer valer a súa identidade xenérica por riba de toda outra diferenza e de establecer alianzas inquebrantables en favor delas mesmas, das súas familias e de toda a sociedade. Dentro do sistema de valores non-convencional e “feminizado” -ou, en todo caso, xenericamente non-neutral- que subxace ás súas ficcións, actitudes do tipo de “chorar xuntas”, “contarse as penas” ou “confortarse mutuamente” non funcionan como signos de falta de carácter senón, polo contrario, de forza moral.

10. O libro é na súa orixe unha tese de doutoramento publicada nos Estados Unidos co título *The Andes Viewed from the City: Literary and political Discourse on the Indian in Peru, 1848-1930*, (New York, 1989) e recentemente volta a publicar no Perú, en tradución española (Cf. n. 4).

As probas de que semellante labor de “limpeza” reclama sempre novos esforzos poden atoparse por xalundes. Chega con abrir case ó albur un clásico do indixenismo moi posterior a *Aves sin nido* (*Huasipungo*, publicada no 1934 polo ecuatoriano Jorge Icaza), para atopar rapidamente numerosas imaxes de muller nas que volveu a se acumular o “sarrío” en cantidades intolerables. No que cito a seguir unha das típicas figuras sinistras da historia, o facendado Alfonso Pereira, séntese aterrado pola perspectiva de que os seus escravos se lle rebelen e, ó mesmo tempo, humillado polo descubrimento do seu propio medo:

Nadie... *Soy un maricón...*, se dijo, y guardó el arma. Luego, agotado por ese *nerviosismo cobarde* que le dejaron las impertinencias de los indios, *se echó de bruces sobre su cama como una mujer traicionada. No lloró, desde luego,* pero en cambio evocó sádicamente escenas macabras que comprobaban el salvajismo de los runas. (p. 132. A cursiva é miña)¹¹.

Parece que cando de covardía e de debilidade se trata, nada resulta máis “natural” e cómodo que recorrer ó estereotipo da “feminidade” -ou do “efeminamento”- e construír con el un paradigma de conducta vergonzante para o varón. Só cabería engadir que, neste contexto no que o facendado se sente gravemente ameazado, a evocación de escenas macabras protagonizadas polos indios non pode producir unha satisfacción “sádica” senón máis ben masoquista... é dicir, “típicamente feminina” (se hai que lle crer a Freud e á maioría dos seus seguidores) ¿Haberá que ver aquí un “simple” erro léxico ou un acto sintomático?

Unha derradeira observación que talvez explique os avatares de *Aves sin nido* e da súa autora, un día coroada e outro vapuleada por chapuceira, logo redescuberta, admitida con reservas no Parnaso do que fora expulsada e por último trasladada benevolamente ó modesto panteón das poucas “damas de letras” do XIX.

Dentro do paradigma “maior” representado polo canon da literatura europea e hispanoamericana do século XIX, *Aves sin nido* destaca por case as mesmas características desviantes que Deleuze e Guattari atribúen ás literaturas nacionais e ás obras literarias que eles, seguindo a Kafka, chaman “menores” e que definen como as construídas por “minorías” dentro da “linguaxe maior” da cultura dominante. Estes produtos artísticos de orixe anti-canónico (aunque co andar do tempo poidan ser obxecto de canonización) intentarían articular novas formas de pensamento e de experiencia valéndose dunha linguaxe que xa non é a propia (como a española dos “hispanos” de Estados Unidos) ou que aínda non é a propia (como a alemá dos xudeus de Praga na época de Kafka ou a dos “Gastarbeiter” emigrados á Alemaña do “milagre”). O resultado de tal esforzo innovador -que constitúe, ó mesmo tempo, unha dura loita por se expresar e por afirmar unha identidade cultural incerta- mostraríase no valor colectivo da enunciación, na politización de tódolos tópicos literarios e no uso dunha linguaxe “extraña” -en tódolos sentidos do termo-, creativamente alienada, afectada por un alto coeficiente de “territorialización”¹².

11. Esta cita está tomada da seguinte edición: Jorge Icaza, *Huasipungo*, Barcelona, 1986, 2ª ed.

12. Véxase Gilles Deleuze-Félix Guattari, “What is a Minor Literature?”, en *Kafka: Towards a Minor Literature*, trad. de D. Polan (Minneapolis, 1986), pp. 16-27.

Por certo que Clorinda, a diferenca das minorías que acabo de mencionar, empregaba a súa lingua materna e, polo mesmo, non tiña que vencer barreiras lingüísticas nin construírse penosamente un idioma propio. Non obstante, o seu afán por articular un reclamo colectivo, que englobase por igual tantas voces silenciadas durante séculos -a do pobo indíxena en conxunto e a das mulleres peruanas de tódalas clases sociais- e o seu empeño por politizar tódolos aspectos das súas ficcións -por “morixerar os costumes” e “mellorar a condición dos pobos pequenos do Perú- levárona a se valer dunha linguaxe literaria “deterritorializada”, volta extraña tanto por exceso coma por carencia en relación cos modelos canónicos.

O rigoroso e desapaixonado naturalismo de Balzac, Zola ou os Goncourt vólvese na súa escritura unha audaz mestizaxe de “observación fisiolóxica” con “amor de tenrura”, de descrición-positivista con sentimentalismo romántico.

Estas notas, en conxunción con certas contradicións internas típicas da novela realista peruana, pódense interpretar -e así o fixo a maioría dos críticos- como resultado dunha incapacidade xeralizada, no ambiente socio-cultural da época, para absorber coherentemente os principios do positivismo¹³.

Así e todo, tamén podería pensarse -e eu inclínome por isto, facendo miñas as ideas de Ángel Rama sobre os procesos literarios de “transculturación” en Hispanoamérica¹⁴- que as correntes estéticas e as ideas científicas viaxan, cambian de hábitos e adquiren un aire novo ó ser asimiladas e reelaboradas por suxeitos doutros ámbitos.

Unha mirada eurocéntrica tende a ver só deficiencias, mesturas ridículas ou actitudes trasnoitadas onde, dende unha óptica descentrada, poden descubrirse formas moi orixinais de procesar sistemas filosóficos e artísticos para adaptalos ás características da propia cultura e do propio programa literario.

As extrañas mesturas de Clorinda (que, como o mostra a “Dedicatoria” da súa novela *Herencia* sabía combinar “mel” con “pimenta” e “mostaza” e se compracía en aderezar “dulces suspiros de brisas e brancos raios de lúa” coa “modernidade” da “morfina” e o “asente”)¹⁵ teñen moito en común coa sorte de movemento lingüístico migratorio que as literaturas “menores” poñen en práctica e no que se funda o seu poder subversivo e emancipador. Dende esta perspectiva, as súas manobras literarias sincréticas poden entenderse como o valente exercicio do dereito a revolver e recrear materiais modélicos sen temor á censura dos “mestres”, así como a desentir -sen choques frontais- dende as marxes das marxes: como peruana, como cuzqueña e como muller.

Susana Reisz
Universidade de New York
City

13. Véxase Antonio Cornejo Polar, “Prólogo” a Clorinda Matto de Turner, *Indole* (Lima, 1974), pp. 9-16.

14. Ángel Rama, *Transculturación narrativa en América Latina*, México-Madrid-Buenos Aires-Bogotá, 1982.

15. Clorinda Matto de Turner, *Herencia*, Lima, 1974, pp. 23-24.